

O CONSELLO DE ACCIÓN EXTERIOR DE GALICIA

1. INTRODUCCIÓN:

O Consello de Acción Exterior de Galicia (CAEX) foi creado a medio do Decreto 368/2009, do 30 de xullo, publicado no DOG do 7 de agosto, como órgano de traballo asesor da Xunta de Galicia en materia de acción exterior, adscrito à Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

É un órgano colexiado, no que está representada a sociedade civil galega e no que participan os departamentos autonómicos con máis experiencia e competencias no ámbito exterior. Busca fomentar o maior consenso social posible, xa non só pola necesidade de programar a acción exterior a longo prazo, senón tamén pola restrición de medios e recursos para poñela en práctica, o que recomenda incrementar a coordinación co resto de axentes e actores galegos que interveñen neste ámbito.

2. FUNCIONES:

As funcións do CAEX son:

- a) Definir as prioridades para a acción exterior de Galicia, identificando necesidades, obstáculos e oportunidades.
- b) Estimular a presenza de Galicia no exterior, en colaboración entre o sector público e privado e a sociedade civil, na procura de novos mercados, na internacionalización das empresas ou na xestión e busca de misións comerciais galegas no estranxeiro.
- c) Colaborar na definición e xestión da axenda internacional do Presidente da Xunta de Galicia e dos membros da administración autonómica
- d) Xerar ideas para o deseño e desenvolvemento da estratexia, plans e programas de acción exterior de Galicia.